

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *A polifonía francoflamenca* (4 puntos).

- Xéneros e elementos estilísticos.
- O estilo e a obra de G. P. da Palestrina.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Fauxbordon*
- Contratenor alto
- Conductus*.
- Allemanda*

Opción B

TEMA: *O pianismo romántico* (4 puntos).

- Evolución do instrumento desde o s. XVIII e dos xéneros que lle son propios.
- A obra de F. Chopin.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

- Scordatura*.
- Serialismo integral.
- Aria*
- Obertura.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- Identificar a obra proposta e datala aproximadamente.
- Indicar os elementos formais que concorren na obra: xénero, tipo de escritura, estruturas musicais, etc.
- Indicar o contexto do que forma parte a obra e a súa funcionalidade.

Opción 2

- Identificar a obra proposta e datala aproximadamente.
- Indicar o autor, o seu estilo musical, así como o contexto histórico, social e artístico onde desenvolveu o seu labor.
- Indicar os elementos musicais que concorren na audición proposta (agrupación instrumental/ instrumentos solistas, matices, música de concerto/ música de escena, *tempo*, matices, música tradicional ou popular/ música académica, estrutura ou forma musical...).
- Indicar a relevancia da obra en relación coa historia da danza.

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

Escollerase unha opción do grupo teórico e unha do grupo práctico, podéndose combinar como se desexe (A/1, A/2, B/1, B/2).

TEÓRICO

Opción A

TEMA: *O barroco. As formas instrumentais* (4 puntos).

1. Orixe, características e evolución.
2. A. Corelli, A. Vivaldi e X. S. Bach.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

1. *Overture* (Abertura á francesa).
2. Frautín
3. Oratorio.
4. *Sonata da chiesa*

Opción B

TEMA: *O Romanticismo: Tendencias; Evolución da ópera como espectáculo* (4 puntos).

1. Italia: Rossini, Bellini, Donizetti, Verdi e Puccini
2. Alemaña: C. M von Weber, R. Wagner e R. Strauss.

DEFINICIÓNS BREVES (2 puntos).

1. *Belcanto*.
2. Vibrato.
3. Aria
4. Arpa.

PRÁCTICO – AUDICIÓNS

(4 puntos)

Opción 1

- a) Identificar a obra proposta e datala aproximadamente.
- b) Indicar o autor, o seu estilo musical, así como o contexto histórico, social e artístico onde se desenvolveu o seu labor.
- c) Indicar os elementos musicais que concorren na audición proposta (agrupación instrumental/ instrumentos participantes e solistas/ matices, música de concerto/ música de escena, *tempo*, matices, música tradicional ou popular/ música académica...).
- d) ¿Poderías indicar se esta audición se inclúe nunha obra máis ampla, sinalando a súa tipoloxía (Sacra/profana, escénica/non escénica, ópera/ballet/ oratorio...)? Podes comentar calquera outro aspecto de interese sobre o autor, o seu estilo ou, en xeral, sobre o seu labor musical.

Opción 2

- a) Identificar a obra proposta e datala aproximadamente.
- b) Indicar o autor, o seu estilo musical, así como o contexto histórico, social e artístico onde desenvolveu o seu labor.
- c) Indica os elementos musicais que concorren na audición proposta (agrupación instrumental/ instrumentos solistas, matices, música de concerto/ música de escena, *tempo*, matices, música tradicional ou popular/ música académica, estrutura ou forma musical...).
- d) ¿Poderías indicar se esta audición se inclúe nunha obra máis ampla, sinalando a súa tipoloxía (Sacra/profana, escénica/non escénica, ópera/ballet/oratorio...)? Podes indicar calquera outro aspecto de interese sobre o autor, o seu estilo ou o seu labor musical.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no **DOG**.

Valorarase, así mesmo, a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica, ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumnado poida encadrala axeitadamente no seu período histórico concreto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata. Así mesmo, debe determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse/deducirse da audición. Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS (mesmos criterios de avaliación ca en anos anteriores)

Haberá dous bloques, teórico/práctico.

Tanto no teórico como no práctico haberá dúas opcións (A/B)

A puntuación de cada parte será como sigue:

Teórico : Total, 6 puntos.

Tema: 4 puntos. No caso de incluír varias epígrafes na pregunta, dividiranse os puntos entre as diferentes partes.

Definicións: 2 puntos. No caso de incluír varias epígrafes na pregunta, dividiranse os puntos entre as diferentes partes.

Práctico: 4 puntos.